



# O CESGA enfía a autoestrada do futuro

Arredor de 300 persoas celebraron os 25 anos do Centro de Supercomputación de Galicia



▲ Mauro Fernández Dabouza, novo director do CESGA

**A**rredor dunhas trescentas persoas, entre investigadores e investigadores, docentes, profesionais das novas tecnoloxías e representantes das administracións, participaron o pasado 20 de novembro nun dos grandes actos conmemorativos do ano, non só do ámbito da informática: a celebración do 25 aniversario do Centro de Supercomputación de Galicia. O acto tivo o seu epicentro na Fa-

cultade de Dereito de Santiago, cuxo salón de actos viuse ategado de representantes da nosa vangarda dixital, de homenaxes (por exemplo a moi sentida homenaxe adicada ao que foi até este ano o director do CESGA, Javier García Tobío) e, sobre todo, de xanelas a un futuro que promete ser tan interesante, ou mellor aínda, que estes 25 anos de cálculo avanzado galego festexados o 20 de novembro.

Na cita participou o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, que cualificou o CESGA como un referente

galego e estatal en materia de pontes: pontes entre a alta tecnoloxía e as empresas e pontes entre os achados da nosa comunidade investigadora, por unha banda, e o tecido empresarial, pola outra. “No CESGA”, comentou “temos a proba palpable de que en Galicia a ciencia, a tecnoloxía e a innovación, é dicir, todos os axentes do ecosistema galego de I+D+i, traballan na mesma dirección”, dixo, ao mesmo tempo que avogou “por consolidar este esforzo conxunto e conseguir que se traduza nun sistema máis competitivo e con maior capacidade de innovación”.

O titular do Goberno galego tamén debuxou unha xanela ao futuro, salientando que na segunda década deste século o Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia desempeñará un papel crucial, “xa que a supercomputación, a informática de altas prestacións, é a gran ferramenta desta era dixital, que sustenta a industria conectada, a Industria 4.0, e todos os avances que comporta, como a robótica, a Intelixencia Artificial ou a Impresión 3D”. Asemade, dixo que o cálculo de alto rendemento pon en xogo o alicerce preciso para avanzarmos na predición meteorolóxica; na previsión diaria do estado do mar ou no secuenciado xenético. Todas elas, engadiu, son áreas de traballo nas cales o CESGA colabora con

## O novo supercomputador chegará 2 *pet*-FLOPS de capacidade

**O** Centro de Supercomputación de Galicia celebrou a semana pasada o seu 25 aniversario (ou sexa, 25 anos na vangarda europea do cálculo de alto rendemento e, para entendermos, na punta de lanza das tecnoloxías que contribúen a facer un mundo mellor) e entre as moitas cousas que se deron a coñecer, con motivo da